


de que se entende, que se aprende, propiciando a configuración da opinión propia. Formando.²

Vivimos nun mundo que aspira a ser moderno, é dicir, racional, secular, igualitario, democrático. En definitiva, xusto, entendendo por sociedades xustas “aquelas en que desapareceu a servidume e se reducion as desigualdades, é dicir, sociedades en que o sustento da humanidade, a economía, xa non se rexe pola lóxica do lucro, polo interese privado, individual, senón que opera ao servizo dos intereses colectivos ao quedar a orde económica supeditada aos servizos públicos e a mecanismos de protección social que proporcionan unha cobertura social ás persoas en nome do dereito común de humanidade.” (páx.: 351).

Estamos, por tanto, obrigadas a ser (persoas) modernas.

Ana IGLESIAS GALDO
Facultade de Ciencias da Educación.
Universidade da Coruña



MAGALHÃES, J. (2010). *Da cadeira ao banco. Escola e modernização (Séculos XVIII-XX)*. Lisboa: Universidade de Lisboa/Instituto de Educação, 644 pp.

O recoñecido historiador da educación portugués Justino Magalhães ofrécenos un interpretativo análise sobre a conformación do sistema nacional de educación en Portugal. Dise na solapa que o principal obxecto aquí historiado é a formación do sistema escolar portugués, abordado de forma integrada, nas súas diferentes conxunturas: estatalización (no cabo do século XVIII), nacionalización (no XIX) e posterior gubernamentalización e “reximentación”. Conxunturas que corresponden a complexos históricos, transversais no mundo occidental no que Portugal se inscribiu.

A metáfora Da cadeira ao banco simboliza un proceso pedagóxico, social, político e transcultural de case dous séculos

² Vanme permitir que esta opinión que expreso sobre do profesor Álvarez Uría, a faga extensiva a Julia Varela, pois non consigo darlles a individualidade que lles pertence. Para min van sempre xuntos e mesmo forman trío co profesor Narciso de Gabriel, quen me descubrira os seus traballos hai agora 20 anos e cos que desde aquela comparto lecturas e conversa.

de historia, período no que a educación foi paulatinamente institucionalizada como instrución e afectada polo avance e expansión social da cultura escrita; un tempo tamén no que os perfís de alfabetizado e letrado (diferenciados) foron substituídos por un colectivo de escolarizados. A cultura escolar, con ingredientes diversos de humanismo, de ciencia e de técnica, fíxose presente na cultura nacional e a escola converteuse nun instrumento de 'modernización'.

Salienta Magalhães que a escola que xerou e sustentou a Modernidade foi unha institución resultante da confluencia progresiva entre Iluminismo e pragmática, xerando un oficio escolar que congregou unha mente letrada nun alumno cientificamente informado, humanística e civicamente habilitado, con capacidade para expresar esa información e o seu pensamento, a través da cultura escrita (pp. 59-60), dito nunha valoración quizais excesivamente 'esencializada', mediante unha "cultura escolar" que foi a adecuación e a simplificación dunha matriz civilizacional ampla e evolutiva, cuxa representación, ensino e apropiación se procesaron basicamente a través da cultura escrita, como discurso e disciplina mental (p. 68).

O denso ensaio, que se abre cun apartado sobre "Modernidade, Educação e Historia" parte do suposto de que na base das Modernidade está a educación nun senso kantiano, como personalización, a idea dunha "humanidade civilizada" para a que a escola e a cultura escolar se tornan constitutivas e instituíntes da Modernidade, a través de procesos de reelaboración da memoria-experiencia con sentido proxectivo (p. 13). Continua o autor cun apartado de "Historia da Educación" entendida, da man de Hayden White, como "un produto do discurso e da discursivación" (p. 22) e

preocupado polo obxecto "educacional escolar". Nesta presentación das bases do seu discurso examina Magalhães o que é "a escola como obxecto historiográfico" (pp. 33-62): obxecto epistémico e estrutura socio-educativa; materialidade, pragmática, simbólica e problemática; procesos e unha institución paradoxal: preparar para o futuro, preservando a tradición e as normas. E recorre, de seguido, o que considera os chanzos fundamentais da historia da construción e da evolución da rede escolar en Portugal, entre un vivo municipalismo (non sempre existente) e a sobreposición centralista do Estado.

Estes antecedentes introdutorios, dan paso á Primeira Parte da obra ("Historia do Educacional Escolar Portugués", pp. 101-410), despregada desde o eixo da temporalidade cronolóxica arredor da Estatalización primeira, co Pombalismo, da posterior Nacionalización, da man do liberalismo decimonónico, da Gobernantación aínda tamén decimonónica e, por fin, da "Reximentación", aberta co Republicanismo e logo continuada ao longo do século XX.

Da cadeira ao banco, ou como se constitúe o "educacional escolar" e como se constrúe a interrelación escola e a modernización da sociedade portuguesa, é o título xenérico da Segunda parte (pp. 411-605), conformada, á súa volta, por cinco capítulos, un deles referido aos ciclos de modernización escolar no Brasil, explicable desde a transversalidade e transnacionalidade que a Modernidade introduce no "educacional escolar".


Entre outras conclusións, Justino Magalhães termina afirmando a singularidade do caso portugués, algo que quizais non sexa tal e que unha vez máis forme parte de como os procesos de alfabetización

transcorreron na Europa católica e de maior densidade rural. Indica ao respeito que “En canto nos casos inglés e norteamericano e tamén no de outros espazos do Mediterráneo se observa unha correlación positiva entre os factores socio-cultural, político e económico en relación coa alfabetización -p. 593-, no caso portugués, a historia comproba unha escolarización asociada a factores esóxenos, á mobilidade profesional e á emigración. Nos outros casos, o acceso á cultura escrita tornouse un fenómeno intrínseco á vida cotiá da Modernidade, de modo que se puido rexistrar unha disociación entre a alfabetización e a escolarización”. No caso portugués, en troques, rexístrase unha clara asociación: ser un alfabetizado desde mediados do século XIX era sinónimo de ter sido escolarizado, a través dunha “cultura escolar” construída, nacionalizada e transmitida, di na p. 71, nunha combinación entre o local cultural e a sobreposición do Estado, sendo esta aproximación a que mellor explicaría a escolarización xeral, que sen embargo “non esgota a historia da aculturación escrita da sociedade portuguesa”.

Estamos, sen dúbida, ante un texto meditado, maduro, asentado sobre unha consistente empiria e textos anteriores de investigación do autor, que é tamén moi consciente do “estado da arte”, visible na ductilidade na toma en consideración das achegas e argumentos de destacados historiadores da cultura e da educación, en particular do universo francófono, ou filtrado a través del. Hai por momentos no texto algún excesivo amillaramento de conceptos, que evocan involuntariamente significados múltiples, e ‘algunha densidade’ expresiva que pode entorpecer a lectura, do que é un “discurso” que ten presente o estruturalismo, a longue durée e o exercicio

literario comunicativo. Dito isto, é innegable a súa solidez; un exercicio de Historia que só pode ser debullado mediante unha lenta, atenta e comprensiva lectura.

Antón COSTA RICO
USC



PORTO UCHA, A.S. e VÁZQUEZ RAMIL, R. (2015). *María de Maeztu. Una antología de textos*. Madrid: Dykinson.

Na obra recentemente publicada en torno á singular figura de María de Maeztu y Whitney, os autores Porto Ucha e Vázquez Ramil achégannos en primeira instancia un interesante estudo teórico no que analizan o pensamento social e pedagóxico desta muller de fortes conviccións que avogaba pola función emancipadora da educación, para deterse logo nunha selección de textos que ilustran o percorrido exemplar de fortaleza e de tenacidade que caracterizou a vida da que foi impulsora e directora da *Residencia de Señoritas de Madrid* e do *Lyceum Club*.